

Preto de 12.000 docentes do ensino público galego apoiaron a campaña de recuperación de dereitos para este colectivo

Durante este segundo trimestre a CIG-Ensino visitou os 1.200 centros educativos que hai en Galiza para recoller un total de 11.915 sinaturas en apoio ás dez medidas urxentes que servirían para mellorar a situación laboral do profesorado e a calidade do ensino público. As sinaturas, xunto cun escrito solicitándolle unha entrevista, foron entregadas esta mañá na sede central da Xunta de Galiza dirixidas ao conselleiro de Cultura e Educación.

A CIG-Ensino recolleu o actual descontento do profesorado galego coas súas condicións de traballo nunha campaña que se alongou durante dez semanas este ano e que vén de finalizar coa recollida de preto de **12.000 sinaturas de apoio** a un decálogo de medidas urxentes para revertir esta situación. As sinaturas, xunto cunha carta na que se lle solicita unha reunión, foron entregadas esta mañá en San Caetano dirixidas ao conselleiro de Cultura e Educación “que non pode seguir facendo oídos xordos despois do clamor expresado polo colectivo docente”, tal e como indicou o secretario nacional da CIG-Ensino, Suso Bermello, nunha concentración previa á entrega das sinaturas na que participaron dúas de delegados e delegadas desta central.

Bermello destacou que nesta ocasión recolléronse **un terzo máis de sinaturas, en concreto 2.803 máis**, que nunha campaña semellante desenvolvida hai dous anos, “o que demostra que o persoal docente está chegando ao límite da súa paciencia”.



Esta enorme cantidade de apoios demostran -en palabras do secretario nacional do sindicato maioritario no ensino galego- “que o profesorado galego está farto dos recortes dos últimos anos, de ver como mingua o seu soldo e o seu poder adquisitivo ano tras ano, de que non para de aumentar a súa carga lectiva e burocrática, de que se lle penalice por enfermarse con descontos salariais durante as baixas, de estar nunha situación de inestabilidade

que non lle permite emprender o seu proxecto vital e de moitas outras condicións que fan que se poida resentir a calidade do ensino público”.

“É inadmisíbel estar escoitando a propaganda de recuperación económica que o goberno do PP galego replica constantemente do seu homólogo en Madrid e que o colectivo docente, que fixo un esforzo inxente nos últimos anos por manter con dignidade o funcionamento do sistema

educativo, non vexa restituído ningún dos dereitos perdidos desde a chegada ao poder de Feijóo en 2009”, incidiu o responsábel da CIG-Ensino.

Negociación do decálogo

Precisamente entre as medidas que se citan como máis urxentes nesta campaña está a volta á xornada laboral das 18 horas lectivas en Secundaria e FP e das 21 en Primaria e Infantil; a redución das rateos de alumnado por aula en todas as etapas educativas; unha regulación seria das materias afíns para evitar que o persoal docente se vexa obrigado a impartir materias das que non é especialista; a limitación a 2 anos do tempo que se está en expectativa de destino tras obter praza nun procedemento selectivo, a necesidade de negociar un acordo de estabilidade que combinado con ofertas amplas de emprego non poña en risco os postos de traballo do persoal interino e garanta un incremento dos cadros de persoal e un reforzo de todo o que ten que ver coa atención á diversidade, para conseguirmos unha sociedade máis inclusiva e integradora empezando polo propio sistema educativo.

11.915
sinaturas

#ProfesoradoConDereitos

POLA RECUPERACIÓN DOS NÓSOS dereitos

NON PAGAR POR ENFERMIAS
SUBIDA DOS SALARIOS
DEMOCRACIA NOS CENTROS
EMPREGO CON ESTABILIDADE
ENSINO EN GALEGO
MENOS BUROCRACIA
DESTINOS DEFINITIVOS
REGULACIÓN DAS AFÍNS
BAIXADA DE RATIO
REDUCIÓN DE XORNADA

OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)

Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA

Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO

Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO

Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL

Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO

Ronda da Muralla 58, Baixo
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE

Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA

Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA

Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI

Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO

Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS

Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal